

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2024**

ASISTENTES

ALCALDE

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela
Laura García Ruíz
Miriam Rodríguez Fernández
Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar
Jonathan I. Miranda Lucas
Carmen del Río Fraguela

GRUPO BNG:

Adrián Pernas Lamas
Carlos Castro Durán

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día un de febreiro de dous mil vinte e catro, reúnenos os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 30/11/2023 E 22/01/2024.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 520/2023 DE 24/11/2023 ATA O 27/2024, DE 26/01/2024.

3°.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ALCALDÍA: 10/2024 (10/01/2024), 11/2024 (10/01/2024) E 15/2024 (11/01/2024) (EXPDTE 2023/X999/000032)

4°.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE DENOMINACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES (EXPDTE 2023/X999/000032).

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS (EXDPTE 2023/X999/000032).

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE TURISMO, MEDIO AMBIENTE, FESTEXOS, MEDIO RURAL, URBANISMO, OBRAS E SEGURIDADE CIDADÁ (EXDPTE 2023/X999/000032).

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2024 AD 1 GASTOS SOCIAIS

8º.- MOCIÓNS

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 30/11/2023 E 22/01/2024.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 30/11/2023, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non existindo observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación procédese á votación da acta da sesión de 22/01/2024, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes, coas abstencións de Miguel A. Pérez Fraguela e Laura García Ruíz, por non asistir á mesma.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 520/2023 DE 24/11/2023 ATA O 27/2024, DE 26/01/2024.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ALCALDÍA: 10/2024 (10/01/2024), 11/2024 (10/01/2024) E 15/2024 (11/01/2024) (EXPTE 2023/X999/000032)

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia, que son os que indican a continuación:

DECRETO ALCALDIA 10/2024, DE 10/01/2024

Visto que mediante Decreto Alcaldía 298/2023, de 03/07/2023 (BOP nº 128, de 06/07/2023) procedeu a nomear tenentes de alcalde aos/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno local que se indican a continuación:

1ª tenente de alcalde: Laura García Ruíz

2º tenente de alcalde: Manuel Fraguela Castro

3º tenente de alcalde: Miriam Rodríguez Fernández

Logo de ver a renuncia de Manuel Fraguela Castro ao seu cargo de concelleiro desta corporación con data 05/09/2023 (do que toma coñecemento o Pleno o 28/09/2023); así como a toma de posesión como novo concelleiro da Corporación de Alberto Balado Ramonde con data 30/11/2023.

Considerando necesario remodelar por estes motivos os nomeamentos dos tenentes de alcalde, e tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43.2, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar o nomeamento dos tenentes de alcalde acordado por Decreto Alcaldía 298/2023, de 03/07/2023, do seguinte xeito:

1ª tenente de alcalde: Laura García Ruíz

2º tenente de alcalde: Alberto Balado Ramonde

3º tenente de alcalde: Miriam Rodríguez Fernández

SEGUNDO: Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

DECRETO ALCALDIA 11/2024, DE 10/01/2024

Visto que mediante Decreto Alcaldía 299/2023, de 03/07/2023 (BOP nº 128, de 06/07/2023) procedeu á constitución da Xunta de Goberno Local desta Corporación coa seguinte composición:

-Laura García Ruíz

-Manuel Fraguela Castro

-Miriam Rodríguez Fernández

Logo de ver a renuncia de Manuel Fraguela Castro ao seu cargo de concelleiro desta corporación con data 05/09/2023 (do que toma coñecemento o Pleno o 28/09/2023); así como a toma de posesión como novo concelleiro da Corporación de Alberto Balado Ramonde con data 30/11/2023.

Considerando necesario remodelar por estes motivos os nomeamentos dos tenentes de alcalde, e tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43.2, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar a composición da Xunta de Goberno local aprobada por Decreto Alcaldía 299/2023, de 03/07/2023, quedando composta do seguinte xeito:

Laura García Ruíz (1ª tenente de alcalde)

Alberto Balado Ramonde (2º tenente de alcalde)

Miriam Rodríguez Fernández (3ª tenente de alcalde)

SEGUNDO: Manter as delegacións e o réxime de sesións así como os restantes termos fixados na Resolución de Alcaldía 299/2023, de 03/07/2023.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.

DECRETO ALCALDIA 15/2024, DE 11/01/2024

Visto que mediante Decreto Alcaldía 301/2023, de 03/07/2023 (BOP nº 128, de 06/07/2023) procedeuse a organizar as áreas de goberno, mediante delegacións xenéricas a prol dos/as concelleiros/as, quedando do seguinte xeito:

*A Alcaldía resérvase as seguintes competencias:

-A coordinación de todas ás áreas de funcionamento do Concello.

-As seguintes áreas de goberno: Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, así como aquelas competencias, propias da Alcaldía, que non estean atribuídas a outro membro da Corporación.

*Desígnase a Laura García Ruíz concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado que comprende, en particular, as seguintes materias:

-Servizos Sociais.

-Igualdade.

- Benestar Social.
- Persoas maiores.
- Muller
- Educación
- Comercio
- Venda ambulante
- Mercado
- Cultura e Patrimonio cultural.
- Mocidade.

*Desígnase a Manuel Fraguela Castro concelleiro-delegado da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos e Medio Rural e que comprende en particular:

- Turismo
- Medio Ambiente e políticas medioambientais.
- Festas e festexos.
- Desenvolvemento rural.

Logo de ver a renuncia de Manuel Fraguela Castro ao seu cargo de concelleiro desta corporación con data 05/09/2023 (do que toma coñecemento o Pleno o 28/09/2023); así como a toma de posesión como novo concelleiro da Corporación de Alberto Balado Ramonde con data 30/11/2023.

Considerando necesario remodelar por estes motivos as distintas concellerías, e tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43.2, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar as áreas de goberno e as delegacións xenéricas establecidas no Decreto Alcaldía 301/2023, de 03/07/2023, do seguinte xeito:

*A Alcaldía resérvase as seguintes competencias:

-A coordinación de todas ás áreas de funcionamento do Concello.

-As seguintes áreas de goberno: Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, así como aquelas competencias, propias da Alcaldía, que non estean atribuídas a outro membro da Corporación.

*Desígnase a Laura García Ruíz concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado que comprende, en particular, as seguintes materias:

- Servizos Sociais.
- Igualdade.
- Benestar Social.
- Persoas maiores.
- Muller
- Educación
- Comercio
- Cultura e Patrimonio cultural.
- Mocidade.

*Desígnase a Alberto Balado Ramonde concelleiro-delegado da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos e, Medio Rural, Urbanismo, Obras e Seguridade Cidadá e que comprende en particular:

- Turismo
- Medio Ambiente e políticas medioambientais.
- Festas e festexos.
- Desenvolvemento rural.
- Venda ambulante**
- Mercado**
- Urbanismo**
- Obras**
- Seguridade Cidadá**

SEGUNDO: Manter os restantes termos fixados na Resolución de Alcaldía 301/2023, de 03/07/2023.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE DENOMINACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES (EXPDTE 2023/X999/000032).

Visto o ditame da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 26/01/2024, que establece:

Visto que mediante acordo do Pleno corporativo de data 07/07/2023 acordouse constituír as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

-Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras.

-Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado.

-Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos e Medio Rural.

-Comisión Especial de Contas.

Logo de ver a renuncia de Manuel Fraguela Castro ao seu cargo de concelleiro desta corporación con data 05/09/2023 (do que toma coñecemento o Pleno o 28/09/2023); así como a toma de posesión como novo concelleiro da Corporación de Alberto Balado Ramonde con data 30/11/2023; e tendo en conta o Decreto Alcaldía 15/2024, de 11/01/2024 (BOP nº 12, de 16/01/2024) polo que se modifican as áreas de goberno e as delegacións.

Considerando necesario remodelar por estes motivos as Comisións Informativas creadas mediante acordo plenario de 07/07/2023.

Sometido a votación o ditame, á Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras por dous votos a favor do grupo municipal do PP e catro abstencións dos grupos municipais do PsdeGa e BNG emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Modificar as Comisións Informativas Permanentes creadas mediante acordo plenario de 07/07/2023, pasando a denominarse do seguinte xeito:

-Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio.

-Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado.

-Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, **Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras.**

-Comisión Especial de Contas.

SEGUNDO: Manter os restantes termos fixados no acordo plenario de data 07/07/2023.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo, por cinco votos a favor do grupo municipal do PP e cinco abstencións dos grupos municipais do PSdGa e BNG

ACORDA:

PRIMEIRO: Modificar as Comisións Informativas Permanentes creadas mediante acordo plenario de 07/07/2023, pasando a denominarse do seguinte xeito:

-Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio.

-Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude e Mercado.

-Comisión Informativa de de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, **Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras.**

-Comisión Especial de Contas.

SEGUNDO: Manter os restantes termos fixados no acordo plenario de data 07/07/202.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS (EXDPTE 2023/X999/000032).

Visto o ditame da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 26/01/2024, que establece:

Visto que mediante acordo do Pleno corporativo de data 07/07/2023 acordouse nomear os seguintes representantes da Corporación nos órganos colexiados:

PRIMEIRO: Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do C.E.I.P. de Cariño**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Laura García Ruíz

-Suplente : Ana Mª López Fernández

SEGUNDO: Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do Instituto de Ensino Medio de Cariño**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Laura García Ruíz

-Suplente : Ana Mª López Fernández

TERCEIRO: : Nomear representantes do Concello de Cariño en **Seitura 22**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana Mª López Fernández

-Suplente : Laura García Ruíz

CUARTO: : Nomear representantes do Concello de Cariño no **Grupo de Acción Costeira (GAC)**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Suplente : Laura García Ruíz

QUINTO: Nomear representantes do Concello de Cariño na **Xunta Local de Seguridade** aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Suplente : Laura García Ruíz

SEXTO: : Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa de Negociación** aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Suplente : Laura García Ruíz

- Un representante e un suplente do grupo municipal PSGA-PSOE.

-Un representante e un suplente do grupo municipal BNG.

SÉTIMO: Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa Local de Comercio** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: Ana M^a López Fernández

-Suplente: Miriam Rodríguez Fernández

-Vogal: Laura García Ruíz

-Suplente: Manuel Fraguela Castro

OITAVO: Nomear representantes do Concello de Cariño na **Asociación Xeoparque Cabo Ortegal** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: Ana M^a López Fernández

-Suplente: Miriam Rodríguez Fernández

-Vogal: Un representante do grupo socialista

-Suplente: Un representante do grupo socialista

NOVENO: Nomear representantes do Concello de Cariño no **Fondo Galego de Solidariedade** aos seguintes concelleiros/as:

Titular: Ana M^a López Fernández

Suplente: Laura García Ruíz.

Logo de ver a renuncia de Manuel Fraguela Castro ao seu cargo de concelleiro desta corporación con data 05/09/2023 (do que toma coñecemento o Pleno o 28/09/2023); así como a toma de posesión como novo concelleiro da Corporación de Alberto Balado Ramonde con data 30/11/2023; e tendo en conta o Decreto Alcaldía 15/2024, de 11/01/2024 (BOP nº 12, de 16/01/2024) polo que se modifican as áreas de goberno e as delegacións.

Considerando necesario remodelar por estes motivos a representación nos órganos colexidados aprobada por acordo plenario de 07/07/2023.

Sometido a votación o ditame, á Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras por dous votos a favor do grupo municipal do PP e catro abstencións dos grupos municipais do PsdeGa e BNG emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Modificar a representación de órganos colexidados aprobada mediante acordo plenario de 07/07/2023, do seguinte xeito:

SÉTIMO: Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa Local de Comercio** aos seguintes concelleiros/as:

- Presidente: Ana Mª López Fernández
- Suplente: Miriam Rodríguez Fernández
- Vogal: Laura García Ruíz
- Suplente: **Alberto Balado Ramonde.**

SEGUNDO: Manter os restantes termos fixados no acordo plenario de data 07/07/2023.

Non se suscita debate. Indicar que o portavoz do grupo socialista pide que se respecte os acordos dos nomeamentos.

O Pleno corporativo, por cinco votos a favor do grupo municipal do PP e cinco abstencións dos grupos municipais do PSdGa e BNG

ACORDA:

PRIMEIRO: Modificar a representación de órganos colexidados aprobada mediante acordo plenario de 07/07/2023, do seguinte xeito:

SÉTIMO: Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa Local de Comercio** aos seguintes concelleiros/as:

- Presidente: Ana Mª López Fernández
- Suplente: Miriam Rodríguez Fernández
- Vogal: Laura García Ruíz

-Suplente: **Alberto Balado Ramonde.**

SEGUNDO: Manter os restantes termos fixados no acordo plenario de data 07/07/202.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE TURISMO, MEDIO AMBIENTE, FESTEXOS, MEDIO RURAL, URBANISMO, OBRAS E SEGURIDADE CIDADÁ (EXDPTE 2023/X999/000032).

Visto o ditame desfavorable da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 26/01/2024, que establece:

Logo de ver a renuncia de Manuel Fraguela Castro ao seu cargo de concelleiro desta corporación con data 05/09/2023 (do que toma coñecemento o Pleno o 28/09/2023); así como a toma de posesión como novo concelleiro da Corporación de Alberto Balado Ramonde con data 30/11/2023; e tendo en conta o Decreto Alcaldía 15/2024, de 11/01/2024 (BOP nº 12, de 16/01/2024) polo que se modifican as áreas de goberno e as delegacións, designándose a concellería-delegada da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Obras e Seguridade Cidadá.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

O artigo 13.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece que o Pleno Corporativo, a proposta do presidente, determinará dentro da consignación global contida a tal fin no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un de eles en atención ao seu grao de responsabilidade.

*Considerando o disposto no informe conxunto de Secretaría-Intervención obrante no expediente, esta Alcaldía eleva a Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras a seguinte proposta de **DITAME:***

PRIMEIRO: Establecer que a concellería-delegada da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Urbanismo, Obras e Seguridade Cidadá, exercerá o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

SEGUNDO: Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en

catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no seu caso no réxime correspondente. Ditas cantidades fixadas en concepto de dedicacións exclusivas, actualizaránse anualmente conforme á Lei de Orzamentos Xerais do Estado, nos incrementos previstos para os empregados públicos, co límite máximo das cantidades brutas establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para as dedicacións nos municipios de entre 3001 e 10.000 habitantes (artigo 75 Ter. 1 d) LBRL).

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
<i>Concellería-delegada da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Urbanismo, Obras e Seguridade Cidadá (dedicación exclusiva)</i>	24.500 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

TERCEIRO: *: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

Concluído o debate, á Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras por dous votos a favor do grupo municipal do PP e catro votos en contra dos grupos municipais do PsdeGa e BNG rexeita a proposta presentada.

A Alcaldesa explica que este tema se explicou na Comisión Informativa, e se trata de traer a pleno a dedicación exclusiva dun terceiro concelleiro. Que decidiron poñer un concelleiro máis porque se fai necesario polo traballo existente, e que antes non foi posible polas circunstancias económicas que se atoparon, e que agora co orzamento novo é asumible, tal e como establece o informe de Secretaría e Intervención.

Carlos Castro di que eles non están en contra de os concelleiros cobren por traballar, pero que botan en falta que cando a xente fala de traballo que sempre se menosprecia o traballo que se realiza, que sempre pediron que se fixeran pública as axendas dos cargos públicos que teñen dedicación exclusiva, para poder ver se os salarios e o traballo van acordos.

Engade que o grupo Popular sempre dicía que non había cartos, e que agora, cos orzamentos novos que a maior prioridade é o salario dun concelleiro, e que como BNG, cando houbo que priorizar unha situación mala (en época de Puri) que os salarios non foron o tema principal por parte da Corporación.

Dille á Alcaldesa que na Comisión Informativa comentaba que o traballo debe de estar asalariado, que eles están de acordo, pero que lle ven á cabeza o caso da Secretaria do Xulgado de Paz, xa que se debe de buscar unha solución legal para esa persoa.

Tamén fai referencia a que se presente a proposta con un concelleiro menos do BNG, di que cando renuncia un concelleiro debe de pasar por un proceso ante a Xunta Electoral Central, e sabe que o Concello intentou axilizar que o cambio fose rápido pero que non foi posible. Que na Comisión Informativa dicía a Alcaldesa que non se deran conta, e que se iso é verdade, que solicita que se retire o punto da orde do día.

A Alcaldesa dille que ela preguntou na Comisión Informativa e que ningún dixo nada, e que se trae a proposta a este Pleno porque xa estaba pensado de antes. Que se deu a circunstancia de que falta unha concelleira pero que iso non é culpa de ningún, que isto que non se fixo con alevosía nin premeditación. Indica que eles cando votan unha serie de cousas polas circunstancias que o fan en función do que pensan entre eles.

Carlos Castro comenta que se non se fixo con mala intención, e hai unha maneira de subsanalo, que se pode facer retirando o asunto da orde do día. A continuación o concelleiro le o artigo 91.1 do ROF.

Ana López insiste en que isto se preguntou nas Comisións Informativas e que ninguén dixo nada, e que igual que se retirou da orde do día o punto do POS que tamén se podía retirar este.

José M. Alonso comenta que el tampouco lembra que na Comisión Informativa se dixese de retirar o punto da orde do día. Explica que nos plenos de organización o seu partido, independentemente de quen gobernase, que historicamente permitiu que o goberno se organizase. Que efectivamente nos plenos anteriores que eles avisaron que había moito traballo para que o asumiran soamente dúas persoas, e que incluso, un día lle dixo ao terceiro tenente de alcalde que a súa área era moi ampla.

Engade que a súa intención non era poñer en dúbida que Manuel fose inexperto na lexislatura, pero que a xente dicía que logo ía dimitir, e que o equipo de goberno sempre estaba co tema de que non había cartos para nada. Di que fai dous plenos, que a Alcaldesa traía unha subida de taxas brutal, incrementándose arredor dun 800 %, e que entón calquera persoa podía pensar que esa subida de taxas era para facilitar a imposición dun salario.

A Alcaldesa di que cos orzamentos novos que se comeza de cero, e que non se puxo o terceiro concelleiro polas circunstancias que eles din, xa que fai seis meses tiñan o orzamento a cero e que non podían gastar un duro.

José M. Alonso comenta que no ano 2015 cando chegaron ao Concello, que a Alcaldesa anterior dicía que non ía cobrar un salario, e que el lle dixo que se equivocaba pero que ela mantivo a súa postura. E que ao final da lexislatura unha concelleira do BNG que sí cobrou, e que despois, cando entrou o grupo socialista, o montante bruto dos salarios non superaban os 53.500 euros E que o grupo popular que trae unha totalidade de salarios por importe de 85.400 euros. Que nunca historicamente os cargos públicos sumaron tanta cantidade de cartos no Concello de Cariño.

A Alcaldesa dille que os salarios do ano 2015 que non son os mesmos, que subiron. Insiste que se trata de un traballo duro que hai que cobralo, e que ela baixou o seu soldo para subirllo ao resto de concelleiros. Que na anterior lexislatura que eles cobraron 6000 euros menos que eles agora, que dividido en catro anos non é moita subida.

José M. Alonso insiste en que os compañeiros que o acompañaban na anterior lexislatura que cobraban menos que o que hoxe se trae aquí, 9000 euros menos entre os dous, e que a diferenza é notable. Pregúntalle á Alcaldesa cantos orzamentos fixo.

A Alcaldesa resposta que nos os fixo porque non se podía, xa que cando chagas ao Concello che din que é imposible facer orzamentos pola débeda acumulada.

José M. Alonso di que en Plenos anteriores informou a Secretaria sobre a renuncia dunha concelleira do BNG, e que no Pleno no que tomou posesión o concelleiro Alberto Balado podía incluírse a súa dedicación exclusiva. E que caben dous supostos que traigan este asunto a Pleno por mala fe ou que non se deran conta que o BNG conta cun concelleiro menos.

A continuación, de conformidade co disposto no artigo 91 ROF, e a petición do grupo municipal do BNG, procédese a votar a retirada do asunto incluído na orde do día. Efectuada a votación, resulta rexeitada a solicitude, por cinco votos en contra do PSdGa e BNG, e cinco votos a favor do PP, desempatando o voto de calidade da Alcaldesa nunha segunda votación.

Posteriormente, procédese a votar o asunto incluído na orde do día, co seguinte resultado:

O Pleno corporativo por cinco votos en contra do PSdGa e BNG, e cinco votos a favor do PP, desempatando o voto de calidade da Alcaldesa nunha segunda votación

ACORDA:

PRIMEIRO: Establecer que a concellería-delegada da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Urbanismo, Obras e Seguridade Cidadá, exercerá o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

SEGUNDO: Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no seu caso no réxime correspondente. Ditas cantidades fixadas en concepto de dedicacións exclusivas, actualizaráanse anualmente conforme á Lei de Orzamentos Xerais do Estado, nos incrementos previstos para os empregados públicos, co límite máximo das cantidades brutas establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para as dedicacións nos municipios de entre 3001 e 10.000 habitantes (artigo 75 Ter. 1 d) LBRL).

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Concellería-delegada da Área de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Urbanismo, Obras e Seguridade Cidadá (dedicación exclusiva)	24.500 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2024 AD 1 GASTOS SOCIAIS

Visto o ditame da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 29/01/2024, que establece:

Vista a convocatoria do POS+ ADICIONAL 1/2024 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

A Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte DITAME:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 43.225,63
Dato notificado que figura no seu expediente € 43.225,63

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos	530000	370000	160000,00 €	38667,03 €	121332,97 €

correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	4558.60	0	4558,60 €	4558.60	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	534558,60 €	370000,00 €	164.558,60 €	43225,63 €	121332,97 €

2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*”

Carlos Castro comenta que o seu grupo vai a votar a favor, xa que se trata de unha proposta interesante.

José M. Alonso di que todo o que sexa subvencionar o tema social que resulta interesante, e que o sistema informático que se inclúe permite facilitar aos traballadores o seu traballo.

Con respecto á reunión da Xunta de Portavoces José M. Alonso (que se convocou para retirar da orde do día o POS + 2024) roga que a próxima vez se avise con antelación para poder estar presente físicamente, e que o tema de que non se podían meter os cartos en obras que estaba recollido nas bases, pero que a Diputación cambia moitas veces as bases, e que por iso puido levar a erro.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 43.225.63
Dato notificado que figura no seu expediente € 43.225,63

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO
GASTO CORRENTE					

		OU PRIVADOS	CONCELLO	L 2024	CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	530000	370000	160000,00 €	38667,03 €	121332,97 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	4558.60	0	4558,60 €	4558.60	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	534558,60 €	370000,00 €	164.558,60 €	43225,63 €	121332,97 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8º.- MOCIÓNS

8.1.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PROBLEMÁTICA DO TRANSPORTE ESCOLAR DA PARROQUIA DE LANDOI (RE 26/01/2024) (EXPDTE 2024/X998/000012).

A continuación transcríbese de forma literal a moción presentada polo BNG:

Exposición de motivos:

Desde que comezaron as obras do cruce de Landoi na estrada DP6121 o transporte escolar non vai ata as paradas de Cabanán. Só usan a parada que está preto do cruce coa estrada de Feás á mina de Landoi. A parada máis afastada desta última está a 1 quilómetro e 400 metros e a seguinte a 1 quilómetro e 100 metros.

Trátase dunha estrada rural sen beirarrúas, algo que lle engade moito perigo á posibilidade de acompañar aos nenos camiñando. A outra alternativa é percorrer ese traxecto en coche particular sempre que haxa esa posibilidade. Entendemos que está situación crea unha discriminación entre o alumnado que reside nesta zona con respecto do demais do concello e crea un prexuízo para as familias de Landoi. ACORDO: Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza que procure unha solución temporal, mentres dure esta situación, á problemática do transporte escolar do alumnado da parroquia de Landoi.

O portavoz do BNG le a moción anteriormente transcrita.

José M. Alonso comenta que o tema das mocións require unha reflexión, xa que todos os partidos políticos reciben mocións para defender os intereses dos respectivos municipios. E que hai un goberno e unha Alcaldesa que ten que defender a postura dos veciños, e que eles están de acordo coa moción.

A Alcaldesa explica que dende antes de setembro procuraron que esa obra se axilizase o máximo posible, coa mala sorte que a empresa adxudicataria abandoa a obra, tivéndose que facer cargo a Xunta de Galicia. Que o seu grupo instou á Xunta para rematar a obra, e que a día de hoxe seguen insistindo porque aínda vai a tardar en rematar, pola lentitude da Administración.

Carlos Castro di que a empresa pode negarse pero que a Xunta sempre ten que estar de forma subsidiaria, obrigando a dita empresa.

Ana López di que se todas as administracións cumpriran e se a Deputación fixera a obra cando a tivo que facer, que non habería agora este problema, e que cada un ten que asumir as súas responsabilidades.

José M. Alonso pregúntalle á Alcaldesa se a obra que licitou a Deputación abandonada pola empresa, se agora a vai a executar Seaga, ao que resposta afirmativamente a Alcadesa, engadindo que o servizo de bus se ten que poñer obrigatoriamente, e que tamén faloron con Educación.

José M. Alonso comenta que o máis grave é que se cercene o dereito dun alumno a ir ao colexio.

O Pleno corporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdGa e BNG, e cinco abstencións do grupo municipal do PP

ACORDA:

1. Instar á Xunta de Galiza que procure unha solución temporal, mentres dure esta situación, á problemática do transporte escolar do alumnado da parroquia de Landoi.

8.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A SANIDADE PÚBLICA (RE 29/01/2024) (EXPDTE 2024/X998/000013).

A continuación transcríbese de forma literal a moción presentada polo BNG:

A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas. É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galiza como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación. SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

Por este motivo o grupo municipal do BNG propón ao Pleno Municipal do Concello: o apoio explícito a Manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega e poñer a disposición da veciñanza autobuses para acudir á manifestación. As 13 medidas urxentes son:

1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS).
2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais.
3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas.
5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
7. Reintegrar ao Sistema Público os servizos privatizados, recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas.
8. Elaborar, de forma consensuada, un Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.

9. Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.

10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.

11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.

12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.

13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

Carlos Castro le a moción.

José M. Alonso explica o caso de Cariño, que houbo unha situación de dificultade con un dos médicos por tema de vacacións, e que a Sanidade se trata de un servizo básico. Engade que nos últimos tempos se viñeron desmantelando hospitais comarcais como o de Verín ou Burela. Que fai unhas días que tivo unha conversa con sindicalistas da comarca de Sanidade e que manifestaron a súa preocupación pola cobertura definitiva da praza de médico de Cariño, xa que é doado amortizar dita praza pola Administración, se dous médicos dan feito o traballo de tres.

Engade que no caso de cubrirse a praza, que o máis axiña que podería cubrirse que sería cando saian liberados os MIR cara principios de verán, e se a praza vai ao concurso ordinario, que non se podería cubrir ata novembro.

Ana López explica que dende o Concello estiveron en contacto coa Consellería de Sanidade, co presidente da área de Ferrol, e non teñen constancia de que a praza se vaia a amortizar, e que teñen unhas cupos que hai que cubrir, e que o feito de que non se cubrira a praza de Cariño que non significa que vaia a desaparecer, e que meter medo á poboación que lle parece unha falta de coherencia. E que a Xunta non ten a potestade de obrigar a un médico que veña para Cariño, xa que cada un decide a onde quere ir.

Carlos Castro di que para que iso non pase a Xunta ten que facer máis atractiva esa praza.

José M. Alonso comenta que efectivamente habería que subir o complemento de destino, e insiste en que hai un estado vixiante polo risco de que se pode amortizar a praza, e que non o dixo el senón un liberado sindical.

Laura García toma a palabra e di que lle parece vergonzoso que se faga un discurso populista, xa que ninguén dixo que esa praza ía a desaparecer, e que é unha falta gravísima dicir iso. Simplemente que hai prazas, como por exemplo a de Secretaría ou Intervención, que son difíciles de cubrir pola súa ubicación xeográfica, e que o mesmo ocorre coa praza de médico. Pide que non se terxiverse a información de cara a cidadanía.

José M. Alonso dille que os sindicalistas llo comentaron a el, que desaparecerán prazas similares, e que prazas como a de Cariño están pendentes. E que poñendo precisamente o exemplo de secretaría e intervención, que estando eles se subiron os complementos das prazas para manter as súas titulares.

O Pleno corporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PSdGa e BNG, e cinco abstencións do grupo municipal do PP

ACORDA:

o apoio explícito a Manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega e poñer a disposición da veciñanza autobuses para acudir á manifestación. As 13 medidas urxentes son:

1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS).

2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais.

3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.

4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas.

5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.

6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

7. Reintegrar ao Sistema Público os servizos privatizados, recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas.

8. Elaborar, de forma consensuada, un Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.

9. Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.

10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.

11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.

12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.

13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra Carlos Castro:

-Roga novamente que se publiquen as actas na web do Concello. E insiste na subvención da Deputación para contratar un normalizador/a lingüístico.

-Pregunta se falan habitualmente coa xerencia de Ferrol sobre a situación do centro de saúde. A Alcaldesa resposta afirmativamente.

-Pregunta pola situación do centro de día, se teñen previsto facer algo.

A Alcaldesa di que por agora o tema está sobre a mesa, que hai deterioro e que ten que vir un técnico a valoralo, xa que se trata de un edificio que está abandonado dende fai anos. Que seguramente haberá que investir moito, e que outra posibilidade sería mirar un centro máis pequeno, como en San Saturniño, que funciona ben.

-Pregunta polo accidente que houbo na zona entre o Barómetro e o Peiral a noite de San Xiao, xa que quedou aceite pola calzada.

Laura García comenta que dende o Concello non se actuou xa que non había persoal dispoñible, e que nestes casos ven o GES , e que non sabe tampouco porque non apareceu a garda civil.

-Pregunta pola posibilidade de instalar fibra óptica polas parroquias.

A Alcaldesa contesta que en Feás se está a poñer.

-Comenta as queixas pola falta de suxeición dos contenedores de lixo.

-Pregunta pola posibilidade de conseguir un aula homologada para impartir cursos ou convenios con outros Concellos que sí teñen esas aulas.

Laura García resposta que o Concello está en trámite para implantar unha aula Mentor, que sería na biblioteca municipal, porque alí existe equipamento informático, e fala da posibilidade de facer ciclos de formación profesional de grao superior.

-Pregunta polas beirarrúas da zona de Rega que foron danadas polas obras realizadas por Naturgy.

Ana López comenta que non se meteu metal por debaixo e que pisan os camiões, provocando os danos.

-Comenta Carlos Castro que tamén hai bolardos de madeira rotos, e fala da posibilidade de ter un sistema que non deixe que os coches vaian contra a beirarrúa.

-Comenta Carlos Castro da existencia dun tendido de telefónica caído no cruce de Pedramea, e tamén traslada o tema de se é posible limpar nesa zona os restos de grava que deixan os camiões de transporte.

-Xórdelle a dúbida de se existe un tractor no Concello, porque nas parroquias queíxanse de que non se utiliza o tractor para a limpeza de pistas.

A Alcaldesa di que se utilizou moito este verán, limpándose varias pistas das parroquias, e que queren que sexan dous operarios os que sepan manexar a máquina.

Carlos Castro dille que el ten a sensación de que soamente se roza nas festas, e a Alcaldesa contesta que van a intentar que se leve a cabo un mantemento todo o ano.

-Pregunta se se van a poder acumular as subvencións das asociacións.

A Alcaldesa comenta que as van a sacar, as do ano 2023 e do 2024, que se vai a facer aínda que exista un informe desfavorable, pero que as sacarán adiante.

A continuación José M. Alonso Pumar intervén:

-Explica que sobre a fibra óptica os Fondos Next Generation integran unha liña principal para isto, que o Estado sacou catro concursos que cubría todo o Concello, e que os últimos gañounos Movistar, e despois R, e que o proxecto está despregado en fases.

-Con respecto á suxeición de contenedores de lixo, que eles usaron o Fondo de Compensación Ambiental un dos anos para a suxeición dos contenedores en Landoi.

-En relación coa Aula Mentor, di que eles deixaron feita a solicitude antes de irse, e que sería importante implantala. Fala do problema do soto do Concello. Di que xa a anterior Alcaldesa fixera un proxecto de arredor de 50.000 euros, que se presentou unha empresa e posteriormente abandoou a obra. Que eles melloraron o proxecto e ahí pretendíase dar obradoiros de forma homologada. Que existen problemas coa actual empresa adxudicataria, e que a idea era implantar no soto as aulas de formación.

-Di que lles comentaron o tema do accidente, e que precisamente en casco urbano a limpeza é competencia do Concello, e que en todo caso, se non fora o Concello corresponderíalle a Portos.

A Alcaldesa dille que non tiñan constancia de que houbera verquido de aceite.

José M. Alonso dille que o luns cando saiu da Comisión informativa aínda estaba o aceite.

-Pregunta José M. Alonso se ingresaron os cartos do IDAE. A Alcaldesa resposta que a finais de ano, e que por certo que xa hai sesenta e pico farolas fundidas, e que o problema é que o que fixo a obra tiña que revisar unhos enganches e non o fixo no seu día.

José M. Alonso di que a obra está en garantía, e a Alcaldesa di que van a reclamar.

-Pregunta Alonso Pumar pola obra da depuradora de auga potable. Comenta que no último pleno que cometeu un erro, que dixo que no pleno de 10/02/2023 que se moveron 150000 euros para facer a obra dos filtros da depuradora, e que el, por erro, dixo que a Alcaldesa votara a favor, e que realmente non foi así, xa que aquel día Ana López non estaba no Pleno, pero que Partido popular votou a favor.

A Alcaldesa di que comezaron a obra o día 7 de xaneiro, e que lle dixeron que para a semana que viñan a limpar os filtros.

José M. Alonso dixo que ao principio a idea era que a obra se fixera en setembro, aconsellado polos técnicos, porque era cando menos caudal levaba o río.

Ana López dille que non puxeron problema nese sentido, e explica que non hai cambios no estado da auga, que segue sendo potable, e que se non hai aviso que iso significa que a auga está ben.

Laura García comenta que se seguen publicando na páxina web os análises da auga, e que están dispoñibles para todo o mundo.

José M. Alonso dille que a semana pasada non estaban os análises a partir de novembro.

Laura García comenta que entón se van a publicar o antes posible.

José M. Alonso realiza un ROGO: di que os hosteleiros piden se é posible facer unha ordenanza reguladora das terrazas, no sentido de que de maneira temporal se poida cubrir algunha praza de estacionamento, con unha estética similar. Que din moitos dos hosteleiros que no verán hai moita xente e que a xente se vai sen comer por falta de espazo.

A Alcaldesa dille que estiveron falando do tema coa arquitecta e que non vai a resultar fácil por distancias.

Laura García di que tamén estaría ben que viñeran os hosteleiros e que se reuniran coa arquitecta.

Miriam Rodríguez comenta que hai que ter coidado que o que pode beneficiar a unhos pode perxudicar a outros.

-José Miguel Alonso comenta que no pleno do 03/08/2023 que comentou como estaba o cruce e que lle dixeron que falaron coa capataz, e que ela lles trasladou que era mellor falar con algún cargo público, e que naquel momento a Alcaldesa dixo que falara co presidente da Deputación. Pero que o presidente da Deputación chamou ao teléfono da Alcaldía e o preocupante é que non lle colleron o teléfono.

Ana López dille que ela sempre ten o teléfono operativo e di que pediu cita fai unhos meses para falar co presidente e que aínda non recibiu contestación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e dúas horas.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana Mª Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE